

CONVOCATORIA DE MOBILIDADE ENTRE CAMPUS - PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR CON VINCULACIÓN PERMANENTE

No Consello de Goberno de 20 de decembro de 2019, aprobouse o acordo de mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente, onde se establece que con carácter previo á creación dunha nova praza con vinculación permanente correspondente á reserva do 15% nun determinado campus, o persoal docente e investigador con vinculación permanente pertencente a esa área de coñecemento, poderá solicitar o cambio de adscrición de campus ao xerado pola praza a crear.

Na Comisión de Ordenación Académica e Profesorado de 18 de setembro de 2024 acordouse a convocatoria e a creación de 5 prazas de profesorado Titular de Universidade reservadas ao 15% do persoal investigador doutor acreditado a Titular de Universidade con certificado I3/R3 (Anexo I).

ESTA REITORÍA RESOLVE,

Publicar a convocatoria de mobilidade entre campus e abrir un prazo de presentación de solicitudes desde o día 25 de setembro ata o 3 de outubro de 2024 (ambos incluídos).

A solicitude presentarase a través da sede electrónica da Universidade de Vigo a través do procedemento [SXER - Instancia xenérica \(PAS/PDI\)](#), indicando no asunto:

"Convocatoria mobilidade-OEP"– e achegando o formulario de solicitude (Anexo II) debidamente cuberto.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

O REITOR,
Por delegación RR 30/05/2024
A vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica



ANEXO I

COD. PRAZA	ÁREA	DPTO.	CENTRO	CAMPUS
TU2402-T11-250-TU-TC-01	250-Electrónica	T11-Tecnoloxía Electrónica	Escola de Enx. Industrial	Vigo
TU2402-T06-295-TU-TC-01	295-Explotación de Minas	T06-Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	Escola de Enx. de Minas e Enerxía	Vigo
TU2402-T01-305-TU-TC-01	305 - Expresión Gráfica na Enxeñaría	T01 - Deseño na Enxeñaría	Escola de Enx. Industrial	Vigo
TU2402-T08-398-TU-TC-01	398-Física de la Tierra	T08-Física Aplicada	Facultade de Ciencias	Ourense
TU2402-T04-555-TU-TC-0	555-Enxeñaría Química	T04-Enxeñaría Química	Facultade de Ciencias	Ourense



ANEXO II

SOLICITUDE DE MOBILIDADE ENTRE CAMPUS

AREA DE COÑECEMENTO

Código Nome

DEPARTAMENTO

Código Nome

CATEGORÍA

CENTRO TRABALLO

CAMPUS

EXPÓN

Que aprobada na COAP de 18 de setembro de 2024 a creación de cinco prazas con vinculación permanente correspondente á reserva do 15% das Ofertas de Emprego Público para persoal investigador doutor acreditado a Titular de Universidade que dispoña da certificación I3, segundo as bases aprobadas no Consello de Goberno do 20 de xuño de 2024 no departamento e área de coñecemento que pertenzo,

SOLICITO

Que segundo o acordo do Consello de Goberno de 20 de decembro de dous mil dezanove para a mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo, se me conceda o cambio de adscrición do campus de

ao campus de

adscrito á/s praza/s con código/s e coa orde de prelación que se indica:

- 1)
- 2)

